



Expediente n.º: 61/2024

Memoria Xustificativa.

Procedemento: Contrato de subministro por procedemento aberto simplificado abreviado (156.9 LCSP).

Asunto: Adquisición dun vehículo con plataforma elevadora.

Documento asinado: Alcaldía.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A efectos de xustificación do comezo do procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do art. 156.9 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e conforme o disposto no art. 116 da mesma lei se emite a presente memoria xustificativa do contrato de subministro para a adquisición dun vehículo seminovo con plataforma elevadora.

INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE REALIZAR A CONTRATACIÓN

O Concello de Melón é un concello situado na comarca do Ribeiro eminentemente rural e caracterizado pola súa dispersión poboacional contando con vinte oito núcleos poboacionais nun territorio aproximado de 53 km² caracterizados por unha orografía irregular que presenta desniveis considerables, o que implica unha gran dificultade para a correcta prestación de determinados servizos públicos.





Debido a que o concello se atopa nunha zona eminentemente rural e presenta numerosa vexetación faise necesario e fundamental para o concello poder contar con instrumentos adecuados para a realización de tarefas de control de masa forestal e labores de roza e poda polo que se pretende a adquisición dun vehículo con brazo elevador e extensible que permita a realización das tarefas con seguridade tanto para o persoal do concello como para a cidadanía. Coa adquisición se pretenden acadar tanto beneficios a curto, medio e longo prazo entre eles a diminución do impacto do abandono dos montes e das superficies arbóreas, a protección do medio ambiente, a redución dos danos ambientais producidos por fenómenos climáticos, contribuír á prevención de incendios forestais ou a mellora a salubridade pública.

Na actualidade o concello de Melón carece de medios para a correcta realización das labores de poda e roza de determinadas superficies arbóreas e a súa poda en altura e previr posibles situacións de risco para as liñas eléctricas, telefónicas e demais redes de comunicacións que discorren polo termo municipal do Concello de Melón.

Neste caso o obxecto do contrato, é dicir, a adquisición dun vehículo con plataforma elevadora ven cofinanciado a través da subvención do Fondo de Compensación Ambiental ao abeiro do disposto na Orde de 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinadas a entidades locais de Galicia (Códigos de procedemento PR483A, PR483B e PR483D).





OBXECTO DO CONTRATO

O contrato ten por obxecto a adquisición dun vehículo seminovo que conte con plataforma elevadora homologada para a realización de traballos en altura para a satisfacción das necesidades derivadas das materias recollidas no art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O código CPV do contrato será 34142100.

En todo caso o vehículo subministrado deberá de cumprir as especificacións establecidas no prego de cláusulas administrativas así como no de prescricións técnicas.

RÉXIME DE FINANCIAMENTO, VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO

RÉXIME DE FINANCIAMENTO:

O Concello de Melón é destinatario do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2024 conforme o disposto na Orde de 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinadas a entidades locais de Galicia (Códigos de procedemento PR483A, PR483B e PR483D). Así o Concello percibirá un importe máximo de 22.204,80 euros conforme o disposto na seguinte táboa que figura no Anexo V de tal Orde:

Concello	Provincia	Número de aeroxeradores	Importe máximo subvención por aeroxeradores	Lonxitude liñas	Importe máximo subvención por liñas	Importe máximo subvención total
Melón	Ourense	18	22.204,80	0,00	0,00	22.204,80





CONCELLO DE MELÓN

A maiores dos 22.204,80 euros que proveñen do Fondo de Compensación Ambiental o Concello de Melón aportará con fondos propios un importe de 4.663,01 euros, importe coincidente co IVE. Así, o réxime de financiamento será o da seguinte táboa:

Administración	Porcentaxe de financiamento	Importe
Xunta de Galicia	82,64%	22.204,80 euros
Concello de Melón	17,36%	4.663,01 euros
TOTAL	100%	26.867,81 euros.

VALOR ESTIMADO:

O valor estimado do contrato, definido nos termos do artigo 101 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, é mo caso dos contratos de obras, subministros e servizos o importe total do obxecto do contrato sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido en función das estimacións do órgano de contratación.

Conceptos	Total
Importe de licitación (IVE excluído)	22.204,80 euros
Importe de momificacións (IVE excluído)	-
Importe de opcións eventuais (IVE excluído)	-
Importe de primas pagaderas a licitadores (IVE excluído)	-
Prórroga (IVE excluído)	-

Concello de Melón

C/ Calvo Sotelo, 1, Melón. 32411 (Ourense). Tfno. 988481620. Fax:





TOTAL VALOR ESTIMADO	22.204,80 euros.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

Conforme o disposto no art. 100 da LCSP se entende por orzamento base de licitación o límite máximo de gasto que conforme o contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído Imposto sobre o Valor Engadido salvo disposición en contrario.

Orzamento base de licitación (IVE excluído)	22.204,80 euros
Imposto sobre o valor engadido	4.663,01 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído	26.867,81 euros.

PREZO DO CONTRATO:

O prezo do contrato será o definido no artigo 102 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. En todo caso o prezo deberá ser certo e se abonará ao contratista en función da prestación executada debendo incluír o Imposto sobre o Valor Engadido que terá carácter independente.

O importe máximo que poderá gastar o Concello é de 26.867,81 euros, incluído neste importe o Imposto sobre o Valor Engadido ou calquera outro tipo de impostos.





PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. XUSTIFICACIÓN DE NON DIVISIÓN EN LOTES E NON ALTERACIÓN. DURACIÓN DO CONTRATO.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TIPOLOXÍA DO CONTRATO:

A adxudicación do contrato previsto será realizado a través do procedemento previsto no art. 159.6 LCSP, é dicir, a través do procedemento aberto simplificado sumario xa que é un contrato de subministro de valor estimado inferior aos 60.000 euros. Presentará as seguintes especificacións:

- a) Prazo de presentación de proposicións: Mínimo dez días hábiles.
- b) Licitadores: Eximidos da acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- c) A oferta se realizará nun único sobre ou arquivo electrónico.
- d) A valoración das ofertas se poderá efectuar automaticamente a través de dispositivos informáticos.
- e) As ofertas presentadas e a documentación relativa será accesible de xeito aberto sen restrición algunha dende o momento en que se adxudique o contrato.
- f) Non se requirirá constitución de garantía definitiva.
- g) A formalización do contrato poderá efectuarse a través da sinatura de aceptación polo contratista.

Malia o disposto no art. 159.6 LCSP ao respecto da constitución de garantía o adxudicador deberá aportar a documentación correspondente que acredite estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e coa facenda pública así como calquera outra documentación que administración entenda necesaria para a correcta adxudicación do procedemento segundo o recollido





no prego de cláusulas administrativas. Tamén deberá acreditar o cumprimento dos requisitos de habilitación empresarial ou profesional que lle sexan requiridos a través dos pregos de cláusulas administrativas do contrato obxecto de xustificación.

En todo caso os criterios seleccionados deberán garantir o respecto aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre licitadores.

O contrato mencionado ten cualificación de contrato administrativo de subministro, segundo o disposto no art. 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Tamén ten a consideración de contrato administrativo nos termos do art. 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

XUSTIFICACIÓN DE NON ALTERACIÓN E NON DIVISIÓN EN LOTES:

En atención ao propio obxecto do contrato non se considera que se estea levando a cabo a alteración do obxecto do contrato a fin de eludir o disposto na normativa de contratación.

En función do propio obxecto do contrato e atendendo á natureza do mesmo pódese observar que non existe alteración do obxecto xa que a prestación a contratar é única.

DURACIÓN DO CONTRATO:





Respecto da duración do contrato se estará ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas pero en todo caso o prazo máximo de execución do subministro será de 30 días desde a data de formalización do contrato.

CONCLUSIÓNS

Vistos os apartados anteriores queda acreditada de xeito suficiente a iniciación do procedemento de contratación para o subministro dun vehículo seminovo con plataforma elevadora para o Concello de Melón.

